



## APACAF

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista  
de Centros de Apoyo Familiar

Rúa Placer, 5 .- 3.º B. 36202 Vigo - Tel./Fax: 986 22 66 47  
info@apacaf.org - www.apacaf.org

# CÓDIGO DE CONDUCTA PARA OS PROFISSIONAIS DE APACAF

### A Braña

Lg. Pereiro, 18. Berres  
Telf.: 986 587 475  
36688 A Estrada - Pontevedra

### A Penagrande

Lg. A Penagrande, 1. Laxe  
Telf.: 606 906 781  
36668 Moraña - Pontevedra





## APACAF

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista  
de Centros de Apoyo Familiar

Rúa Placer, 5.- 3.º B. 36202 Vigo - Tel./Fax: 986 22 66 47  
info@apacaf.org - www.apacaf.org

## ÍNDICE

1. Misión, visión e valores de APACAF
2. Decálogo do profesional de APACAF
3. Decálogo do profesional que traballa con Autismo
4. Carta dos dereitos das persoas con Autismo
5. Qué nos pediría un autista
6. Carta de recepción e compromiso do profesional

### A Braña

Lg. Pereiro, 18. Berres  
Telf.: 986 587 475  
36688 A Estrada - Pontevedra

### A Penagrande

Lg. A Penagrande, 1. Laxe  
Telf.: 606 906 781  
36668 Moraña - Pontevedra





## APACAF

Asociación de Pais de Personas con Trastorno do Espectro Autista

de Centros de Apoyo Familiar

Rúa Placer, 5 .- 3.º B. 36202 Vigo - Tel./Fax: 986 22 66 47

info@apacaf.org - www.apacaf.org

## MISIÓN, VISIÓN E VALORES DE APACAF

### VISIÓN

Ofrecer servizos innovadores e de excelencia para as persoas con autismo e as súas familias

### MISIÓN

Mellorar a calidade de vida das persoas con autismo a partir dun enfoque centrado no individuo, as súas necesidades, a súa historia e a súa comunidade. Traballamos para ofrecer os apoios e o entorno necesario para que isto poida ser unha realidade.

### VALORES

#### O respecto e a tolerancia

Nas relacións entre os actores que interveñen na consecución da misión de APACAF

#### A transparencia

Como método de traballo que nos permite compartir e mellorar

#### A igualdade e democracia interna

Co convencemento de que un mundo igualitario e paritario é posible

#### A tolerancia cero á discriminación

Enfoque da discapacidade como diversidade funcional\*, concepto facilitador e que non admite discriminación de ningún tipo

#### A participación

Como a intervención activa das persoas con autismo na definición e desenvolvemento do seu propio proxecto de vida

#### A excelencia

Como o noso compromiso cunha xestión de calidade.

\***Diversidade funcional** tal como se establece no marco teórico que foi ratificado por 191 países como o novo patrón internacional de descripción e medición da saúde e da discapacidade, a *CIF: Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidad e da Salud* OMS. OPS. IMSERSO. 2001. Esta definición de “diversidade funcional” en troques de discapacidade, incide nunha linguaxe positiva e facilitadora e está baseada nun criterio social e funcional, deixando ben claro que a noción de discapacidade é unha construcción social que sofre a mesma discriminación que os outros colectivos cunha longa historia de emancipación e recoñecemento: raza, xénero, clase social e orientación sexual.

#### A Braña

Lg. Pereiro, 18. Berres  
Telf.: 986 587 475

36688 A Estrada - Pontevedra

#### A Penagrande

Lg. A Penagrande, 1. Laxe  
Telf.: 606 906 781  
36668 Moraña - Pontevedra



Committed to excellence



## DECÁLOGO DO PROFESIONAL DE APACAF

Os equipos técnicos dos centros dos que é titular APACAF son moi pequenos e isto vai caracterizar moitos aspectos do seu funcionamento. Por tanto, compre facer unha serie de consideracións que os profesionais deben ter moi en conta.

1. O profesional de APACAF debe ser unha persoa que **lle guste** o traballo con persoas cunha discapacidade psíquica, especificamente **autismo** e debe comprometerse co respecto e o trato digno a estas persoas.
2. O profesional de APACAF debe comprometerse coa calidade no servizo ás persoas con autismo e debe encontrar unha maneira de estar, facer e vivir no centro de maneira serena e pracenteira, implicando ós rapaces tamén dunha maneira serena e pracenteira.
3. O profesional de APACAF respectará a **confidencialidade**. Este requirimento elévase a rango de obriga pola Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal.
4. O profesional de APACAF debe ter un espírito **colaborador cos demais compañeiros** de traballo, superando a estrita división do traballo que a cada quen lle corresponde, si se dera o caso de ter que botar unha man, mellorar aspectos do centro, etc.
5. O Profesional de APACAF debe caracterizarse dunha **gran profesionalidade**, ser un exquisito cumplidor do seu traballo, calendario e condicións que permitan o idóneo desenvolvemento do seu proxecto.
6. O comportamento absolutamente **ético** cos usuarios e compañeiros de traballo é condición imprescindible para este traballo.
7. O profesional de APACAF debe **comprométese seriamente co proxecto** despregando a súa mellor profesionalidade, vontade e iniciativa a tal fin.
8. O profesional de APACAF debe comprometerse coa súa **formación**; o estudio, a reflexión, a autocriticía son ingredientes imprescindibles.
9. O profesional de APACAF debe amosar sempre a mellor disposición a **fomentar o dereito a unha vida independente**, a través da educación, rehabilitación e integración social do colectivo de persoas con Trastorno do Espectro Autista en todos aqueles ámbitos nos que fose requirida a súa colaboración, tales como congresos, cursos, charlas.
10. O profesional de APACAF debe ser unha persoa **amante do campo** e da natureza, da vida nunha comunidade pequena, de disfrutar do traballo na finca e na casa, do cuidado dos animais, etc., porque este é o marco no que se inscriben os centros A Braña e A Penagrande.

# DECÁLOGO DO PROFESIONAL ESPECIALIZADO EN AUTISMO

Por Theo Peeters

- 1- **Sentirse atraído polas diferenzas.** Pensamos que ser un "aventureiro mental" axuda a sentirse atraído polo desconocido. Hai persoas que temen as diferenzas, outras séntense atraídas e queren saber máis sobre elas.
- 2- **Ter unha imaxinación viva.** É case imposible comprender o que significa vivir nun mundo literal, ter dificultades en ir más alá da información recibida, amar sen unha intuición social innata. Para poder compartir a mente dunha persoa autista, que padece un problema de imaxinación, débese ter, en compensación, enormes doses de imaxinación.
- 3- **Capacidade para dar sen obter a acostumada gratitud.** Tense que ser capaz de dar sen recibir moito a cambio, e non sentirse decepcionado pola falta de reciprocidade social. Coa experiencia, a persoa aprenderá a detectar formas alternativas de dar as grazas, e a gratitud de moitos pais a miúdo compensará con creces.
- 4- **Estar disposto a adaptar o propio estilo natural de comunicarse e de relacionarse.** O estilo que require está máis ligado ás necesidades da persoa con autismo que ao noso grado espontáneo de comunicación social. Isto non é fácil de lograr e require moitos esforzos de adaptación, pero é importante reflexionar acerca de qué necesidades estamos atendendo.
- 5- **Ter o valor de "traballar só no deserto".** Especialmente cando se empiezan a desenvolver servizos específicos nunha área. Hai tan pouca xente que comprenda o autismo, que un profesional motivado corre o risco de ser criticado en vez de aplaudido polos seus enormes esforzos. Os pais sufrieron este tipo de críticas antes, por exemplo cando escoitan cousas como "todo o que necesita é disciplina", "se fose o meu fillo,....", etc.
- 6- **Non estar nunca satisfeito co nivel de coñecementos propios.** Aprender sobre o autismo e sobre as estratexias educativas más adecuadas é un proceso continuo, xa que o coñecemento en ambos campos evoluciona continuamente. A formación en autismo nunca se acaba e o profesional que crea que xa a ten, en verdade pérdea.
- 7- **Aceptar o feito de que cada pequeno avance trae consigo un novo problema.** A xente ten tendencia a abandonar os encrucillados se non pode resolvélos. Isto é imposible no autismo. Unha vez que se empieza, sábese que o traballo de "detective" nunca se acaba.
- 8- **Dispôr de capacidades pedagóxicas e analíticas extraordinarias.** O profesional ten que avanzar pouco a pouco e utilizar soportes visuais de maneira moi individualizada. Hai que realizar avaliaciós con tanta frecuencia que un debe adaptarse constantemente.
- 9- **Estar preparado para traballar en equipo.** Debido á necesidade dunha aproximación coherente e coordinada, todos os profesionais deben estar informados dos esforzos dos demás, así como dos niveis de axuda proporcionados. Isto inclúe aos pais, especialmente cando o neno é pequeno.
- 10- **Humildade.** Un pode chegar a ser "experto" en autismo en xeral, pero os pais son os expertos sobre o seu propio fillo e débese ter en conta a súa experiencia e coñecemento. No autismo non se necesitan profesionais que queiran permanecer no seu "pedestal". Cando se colabora cos pais é importante falar dos éxitos, pero tamén admitir os fracasos ("por favor, axúdeme"). Os pais tamén teñen que saber que o experto en autismo non é un deus do Olimpo.

# CARTA DE DEREITOS DAS PERSOAS CON AUTISMO

(Adoptada polo Parlamento Europeo o 9 de Maio de 1996)

As Pessoas con Autismo deben compartir os mesmos dereitos e privilexios dos que goza toda a poboación europea, onde sexa apropiado e polos mellores intereses das Pessoas con Autismo. Estes dereitos deben ser resaltados, protexidos, e reforzados por unha lexislación apropiada en cada Estado.

A declaración de Nacións Unidas sobre os Dereitos das Pessoas con Retardo Mental (1971) e os Dereitos das Pessoas con Discapacidade (1975) e con outras declaracíons relevantes dos Dereitos Humanos deben ser consideradas e; en particular, para Pessoas con Autismo os seguintes dereitos deben ser incluídos:

1. As Pessoas con Autismo teñen pleno dereito de levar unha vida independente e de desenvolverse na medida das súas posibilidades.
2. As Pessoas con Autismo teñen dereito ao acceso a un Diagnóstico e a unha Avaliación precisa e sen prejuízos.
3. As Pessoas con Autismo teñen dereito a unha educación accesible e apropiada.
4. As Pessoas con Autismo, (ou os seus representantes) teñen dereito a participar en cada decisión que afecte ao seu futuro.
5. As Pessoas con Autismo teñen dereito a un aloxamento accesible e axeitado.
6. As Pessoas con Autismo teñen dereito a acceder aos equipamentos, asistencia e servizos de soporte necesarios para unha vida plenamente produtiva na dignidade e na independencia.
7. As Pessoas con Autismo teñen dereito a percibir un ingreso ou soldo que lle alcance para alimentarse, vestirse e aloxarse adecuadamente ou para calquera outra necesidade vital.
8. É un dereito das Pessoas con Autismo o participar, na medida do posible, ao desenvolvemento e á xestión dos servizos existentes destinados ao seu benestar.
9. As Pessoas con Autismo teñen dereito a acceder a consellos e terapias apropiados para a súa saúde mental e física, así como para a súa vida espiritual. O que significa que deben ter acceso a tratamentos e remedios de calidade.
10. As Pessoas con Autismo teñen dereito a unha formación que responda aos seus desexos e a un emprego adecuado, sen discriminación nin prejuízos. A formación e o emprego deberían ter en conta as capacidades e os intereses do individuo.
11. As Pessoas con Autismo, (ou os seus representantes) teñen dereito á asistencia xurídica e ao mantemento total dos seus dereitos legais.
12. As Pessoas con Autismo teñen dereito ao acceso aos medios de transporte e á liberdade de desprazamento.
13. As Pessoas con Autismo deben ter pleno dereito ao acceso á cultura, ás distraccións, ao tempo libre, ás actividades deportivas e a poder gozar destes plenamente.
14. As Pessoas con Autismo teñen dereito a utilizar e aproveitar todos os equipamentos, servizos e actividades postos a disposición do resto da comunidade.
15. As Pessoas con Autismo teñen dereito a unha vida sexual sen ser forzados, incluso no matrimonio, nin ser explotados.

16. É un dereito das Persoas con Autismo o non ser sometido ao medo nin ás ameazas dun internamento inxustificado nun hospital psiquiátrico ou calquera outra institución pechada.
17. As Persoas con Autismo teñen dereito a non recibir terapias farmacolóxicas inapropiadas ou excesivas.
18. As Persoas con Autismo (ou os seus representantes), deben ter dereito ao acceso á súa ficha persoal no que concime á área médica, psicolóxica, psiquiátrica e educativa.

## ¿QUÉ NOS PEDIRÍA UN AUTISTA?

Angel Rivière

1. Ayúdame a comprender. Organiza mi mundo y facilitame que antiche lo que va a suceder. Dame orden, estructura, y no caos.
2. No te angusties conmigo, porque me angustio. Respeta mi ritmo. Siempre podrás relacionarte conmigo si comprendes mis necesidades y mi modo especial de entender la realidad. No te deprimas, lo normal es que avance y me desarrolle cada vez más.
3. No me hables demasiado, ni demasiado deprisa. Las palabras son "aire" que no pesa para tí, pero pueden ser una carga muy pesada para mí. Muchas veces no son la mejor manera de relacionarte conmigo.
4. Como otros niños, como otros adultos, necesito compartir el placer y me gusta hacer las cosas bien, aunque no siempre lo consiga. Hazme saber, de algún modo, cuándo he hecho las cosas bien y ayúdame a hacerlas sin fallos. Cuando tengo demasiados fallos me sucede lo que a tí: me irrita y termino por negarme a hacer las cosas.
5. Necesito más orden del que tú necesitas, más predictibilidad en el medio que la que tú requieres. Tenemos que negociar mis rituales para convivir.
6. Me resulta difícil comprender el sentido de muchas de las cosas que me piden que haga. Ayúdame a entenderlo. Trata de pedirme cosas que puedan tener un sentido concreto y descifrable para mí. No permitas que me aburra o permanezca inactivo.
7. No me invadas excesivamente. A veces, las personas sois demasiado imprevisibles, demasiado ruidosas, demasiado estimulantes. Respeta las distancias que necesito, pero sin dejarme solo.
8. Lo que hago no es contra tí. Cuando tengo una rabieta o me golpeo, si destruyo algo o me muevo en exceso, cuando me es difícil atender o hacer lo que me pides, no estoy tratando de hacerte daño. ¿Ya que tengo un problema de intenciones, no me atribuyas malas intenciones!
9. Mi desarrollo no es absurdo, aunque no sea fácil de entender. Tiene su propia lógica y muchas de las conductas que llamas "alteradas" son formas de enfrentar el mundo desde mi especial forma de ser y percibir. Haz un esfuerzo por comprenderme.
10. Las otras personas sois demasiado complicadas. Mi mundo no es complejo y cerrado, sino simple. Aunque te parezca extraño lo que te digo, mi mundo es tan abierto, tan sin tapujos ni mentiras, tan ingenuamente expuesto a los demás, que resulta difícil penetrar en él. No vivo en una "fortaleza vacía", sino en una llanura tan abierta que puede parecer inaccesible. Tengo mucha menos complicación que las personas que os consideráis normales.
11. No me pidas siempre las mismas cosas ni me exijas las mismas rutinas. No tienes que hacerte tú autista para ayudarme. El autista soy yo, no tú!
12. No sólo soy autista. También soy un niño, un adolescente, o un adulto. Comparto muchas cosas de los niños, adolescentes o adultos a los que llamas "normales". Me gusta jugar y divertirme, quiero a mis padres y a las personas cercanas, me siento satisfecho cuando hago las cosas bien. Es más lo que compartimos que lo que nos separa.
13. Merece la pena vivir conmigo. Puedo darte tantas satisfacciones como otras personas, aunque no sean las mismas. Puede llegar un momento en tu vida en que yo, que soy autista, sea tu mayor y mejor compañía.
14. No me agredas químicamente. Si te han dicho que tengo que tomar una medicación, procura que sea revisada periódicamente por el especialista.
15. Ni mis padres ni yo tenemos la culpa de lo que me pasa. Tampoco la tienen los profesionales que me ayudan. No sirve de nada que os culpéis unos a otros. A veces, mis reacciones y conductas pueden ser difíciles de comprender o afrontar, pero no es por culpa de nadie. La idea de "culpa" no produce más que sufrimiento en relación con mi problema.
16. No me pidas constantemente cosas por encima de lo que soy capaz de hacer. Pero pídemelo lo que puedo hacer. Dame ayuda para ser más autónomo, para comprender mejor, pero no me des ayuda de más.
17. No tienes que cambiar completamente tu vida por el hecho de vivir con una persona autista. A mí no me sirve de nada que tú estés mal, que te encierres y te deprimas. Necesito estabilidad y bienestar emocional a mi alrededor para estar mejor. Piensa que tu pareja tampoco tiene culpa de lo que me pasa.
18. Ayúdame con naturalidad, sin convertirlo en una obsesión. Para poder ayudarme, tienes que tener tus momentos en que reposas o te dedicas a tus propias actividades. Acércate a mí, no te vayas, pero no te sientas como sometido a un peso insoportable. En mi vida, he tenido momentos malos, pero puedo estar cada vez mejor.
19. Acéptame como soy. No condicione tu aceptación a que deje de ser autista. Sé optimista sin hacerte "novelas". Mi situación normalmente mejora, aunque por ahora no tenga curación.
20. Aunque me sea difícil comunicarme o no comprenda las sutilezas sociales, tengo incluso algunas ventajas en comparación con los que os decís "normales". Me cuesta comunicarme, pero no suelo engañar. No comprendo las sutilezas sociales, pero tampoco participo de las dobles intenciones o los sentimientos peligrosos tan frecuentes en la vida social. Mi vida puede ser satisfactoria si es simple, ordenada y tranquila. Si no se me pide constantemente y sólo aquello que más me cuesta. Ser autista es un modo de ser, aunque no sea el normal. Mi vida como autista puede ser tan feliz y satisfactoria como la tuya "normal". En esas vidas, podemos llegar a encontrarnos y compartir muchas experiencias.



## APACAF

Asociación de Pais de Pessoas con Trastorno do Espectro Autista  
de Centros de Apoio Familiar

Rúa Placer, 5 - 3.º B. 36202 Vigo - Tel./Fax: 986 22 66 47  
info@apacaf.org - www.apacaf.org

### DOCUMENTO DE RECEPCIÓN, ACEPTACIÓN E COMPROMISO CO CÓDIGO DE CONDUCTA DE APACAF -PARA PROFESIONAIS DA ENTIDADE-

D. / Dna.: .....

Con DNI: .....

Como profesional da entidade, RESPETO, ACEPTO e PROMETO CUMPRIR o CÓDIGO DE CONDUCTA de APACAF no desenvolvimento do meu traballo.

En ..... , a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....

#### A Braña

Lg. Pereiro, 18. Berres  
Telf.: 986 587 475  
36688 A Estrada - Pontevedra

#### A Penagrande

Lg. A Penagrande, 1. Laxe  
Telf.: 606 906 781  
36668 Moraña - Pontevedra



EFQM  
Committed to excellence

